

A IDENTIDADE LOCAL EN TERRAS DO ORIENTE DE GALICIA

Xosé M. González Reboredo

Asunto ampliamente tratado por historiadores e antropólogos é o que se refire á identidade local e o seu reflexo en aspectos da vida social e do simbolismo relixioso. Cinxíndonos ás terras do norte peninsular obras como a de Andrés Barrera para Catalunya amosan exemplos abondosos de como a “masía” conta con celebracións festivas que serven para consolidar a identidade dos membros da familia vencellados a esta unidade socio-económica básica, pero tamén a vecindade próxima, mesmo a comarca, manifesta a súa identidade mediante rituais festivos (1). Algo semellante atopamos en terras vascas, según se desprende de escritos de eminentes etnólogos, como J. Caro Baroja (2). No caso de Galicia contamos cos esclarecedores estudos de Carmelo Lisón, que aporta un numeroso feixe de informes etnográficos para confirmar que casa, aldea, parroquia e, en menor medida, municipio ou comarca son fitos fundamentais da segmentación social na ruralía galega, poseendo cada un deles un ámbito de identidade específico (3).

Agora ben, nos citados autores, tomados como exemplos significativos, atopamos sempre unha numerosa gama de matices no entramado poblacional que obriga a pensar que os referentes de identidade poden presentar múltiples variantes non soio dun área cultural a outra, senon dentro dos distintos subconxuntos en que acostumbra a estar dividida. A identificación cunha vecindade determinada non será o mesmo en terras de Guipúzcoa, cunha dispersión do hábitat tradicional grande, que noustras de Alava ou Navarra onde este fenómeno está moi atenuado. No que se refire a Galicia, si ben a parroquia soe ser destacada como unidade de convivencia e referente de identidade básico para todo o país, no traballo antropológico de campo se pode apreciar como a mesma pode perder boa parte da súa potencialidade integradora en moitos casos concretos, deixando aspectos económicos, sociais

(1) A. BARRERA: *La dialéctica de la identidad en Cataluña. Un estudio de Antropología Social*. Ed. Centro de Investigaciones Sociológicas. Madrid, 1985.

(2) J. CARO BAROJA: *Los vascos*. Ed. Istmo. Madrid, 1971.

(3) C. LISÓN TOLOSANA: *Antropología Cultural de Galicia*. Ed. Siglo XXI. Madrid, 1971.

ou simbólicos no ámbito doutros segmentos, especialmente en cada unha das aldeas que soen integrarse nela. Precisamente este artigo, centrado en datos de campo obtidos en terras da montaña lucense por un equipo da Sección de Etnografía do Instituto de Estudos Galegos "P. Sarmiento" e con axuda económica da Exma. Diputación Provincial de Lugo, trata de exemplificar estas variacións con respecto ó que podería ser un modelo xenérico, baseado na preponderancia da parroquia en Galicia.

DATOS INICIAIS

O municipio de Navia de Suarna atópase na zona centro-oriental da actual provincial de Lugo, lindando con Asturias e León. Malia a masiva emigración dos anos sesenta e comezos dos setenta, conservou ate hai poucos anos formas peculiares de cultura tradicional, que aínda se manteñen fragmentariamente na memoria e mesmo na praxis diaria dos navegos. A elo contribueu o illamento da zona e a tardía introducción de elementos de modernización. Localidades de certa importancia, como Rao, na parte máis oriental do municipio, non contaron con luz eléctrica estable ate o ano 1985, e, pese ós esforzos levados a cabo nos últimos tempos, a meirande parte das aldeas apenas se poseeron vías para a circulación de turismos ata a presente década.

A orografía navega, verdadeiro condicionante das formas de vida local, atinxe as máximas altitudes no leste e sur do municipio. Ata alí se desenrolan as estribacións da Serra de Ancares, con cotas que superan moitas veces os



Localización da área comprendida polo municipio de Navia de Suarna.



Vista do val de Rao que permite apreciar as características orográficas da montaña oriental lucense.

1200 m. (Pico do [Tesón-1374](#) m.), chegando un entrante do municipio ó Porto de Ancares, situado a máis de 1600 m. A imáxe mental que se pode reconstruír cunha enumeración de altitudes nunca deixa ben claro todo o complexo de enfestas e vales encaixados que atopamos nun territorio realmente abrupto. Entre o “pueblo” de Murias de Rao e a “alzada” ou “braña” de Pandozarco, á que acuden os murianos con frecuencia, hai que salvar un desnivel de casi 600

m. nunha distancia que se cifra en 3,5 Km. en liña recta, unhos cinco na realidade. 300 hai que ascender de Aigas a Folguería de Aigas (parroquia de Rao), si ben se atopan tan próximos que a vista do primeiro dende o segundo pode compararse ca obtida dende un pequeno aeroplano.

Conta o municipio cunha superficie de 243 Km², distribuídos en vinte parroquias de moi diversa superficie. Na meirande de todas, de 61 Km²—a máis extensa de Galicia— centramos boa parte da nosa investigación e dalí procede unha boa parte dos datos que irnos manexar para mostrar como, neste caso de Navia, o “pueblo” (aldea) xenera un sentimento de identidade local moi acusado.

PARROQUIA E “PUEBLO” (ALDEA)

Abundantemente coñecida é a importancia que a parroquia ten en Galicia como unidade relixiosa e como unidade socio-cultural (4). Pero a parroquia non é unha unidade de poboamento absoluta nos máis dos casos que se poden detectar, sendo realmente reducidas as áreas ou os casos nos que aldea e parroquia coinciden. O normal é que, por debaixo da parroquia, formando parte dela, atopemos un entramado que semella un rompecabezas plurimorfo. En certos casos, como poden ser áreas da Terra Chá de Lugo, unha das características comarcas do interior galaico, a parroquia integra un feixe de casas ailladas ou, como moito, agrupadas en conxuntos de dúas ou tres; pero en moitos outros aparecen pequenas agrupacións que dan lugar a unha variada terminoloxía según a visión “emic” do entramado poboacional. Poden recibir o nome de “aldeas”, pero tamén “barrios”, “lugares”, “rueiros” e, como indica o profesor Lisón, “aínda que non é normal na rexión, chaman tamén *pueblos* a pequenas aldeas de Carballeda de Avia, Avión... e, máis insistentemente, nas montañas de O Cebreiro e O Caurel” (5).

Este último denominativo resulta o máis común en terras de Navia de Suarna. Cada parroquia de Navia abrangue un número variable de “pueblos”, nome co que se coñecen agrupacións de casas de moi diversa magnitude. As máis pequenas, como Savane, contan só con dous “pueblos” —Savane e Cantorcía—, pero no extremo contrario atopamos outras como Rao con trece, ou Son, que conta con once. A distancia entre “pueblos” da mesma parroquia resulta, asimesmo, pouco uniforme; hainos que se sitúan perto da capitalidade parroquial, como Robledo, que dista 2 Km. de Rao; mais outros, como Prebello, da mesma parroquia, encóntrase a 9 Km. Moito máis ampla pode ser a separación entre “pueblos” da mesma circunscrición parroquial, chegando a distar entre si até 12 Km., como é o caso de Traserra e Murias. En calquera caso cada “pueblo” está perfectamente delimitado dos que o arrodean na concepción dos informantes, poseendo edificacións, terras de labor e monte comunal propio (*ager e saltus*) que, independentemente da titularidade individual, son considerados como integrantes do ámbito “natural” dun “pueblo” determinado.

(4) C. LISON: op. cit., páxs. 55 e ss. J. FARIÑA JAMARDO: *La parroquia rural en Galicia*. Ed. Instituto de Estudos de Administración Local. Madrid, 1975. Passim.

(5) C. LISON: op. cit., páx. 112.



Un característico “pueblo” (Traserra-Rao).

Nunha área xeográfica que posee un habitat concentrado e un poboamento disperso (6) é de agardar que os mecanismos de afirmación do “pueblo” e de identificación co mesmo esten amplamente desenrolados, ou, polo menos, que o estivesen ate que os ventos da emigración deteriorasen acusadamente o contexto cultural tradicional. Dentro do cúmulo de datos económicos, sociais e simbólicos que podemos recoller ímonos centrar nos que se retiren á relixiosidade ordinaria, na que se manifesta a identidade de “pueblo” de maneira acusada.

O SANTO PATRON

O “pueblo” ten unha —por veces máis— capelas, na que reside un patrono conmemorado ca correspondente festa relixiosa e profana, acompañada da comensalía propia das circunstancias. Como nos asegurou un informante de Murias de Rao “cada pueblo ten a súa festa nacional”, é dicir, que cada un deles, en certas circunstancias, se comporta como unha *nación* que conta cun

(6) A. PEREZ ALBERTI / X. M. SOUTO GONZALEZ: “Habitat”. *Gran Enciclopedia Gallega*. Silverio Cañada Ed Gijón, s/a.

valedor e aunador da vontade comunitaria na esfera do sobrenatural. Os “pueblos” que son sede da ingrega parroquial corrían ca organización da festa do patrono da parroquia, e invitaban a xentes doutros “pueblos”, pero eran, e son en moitos casos, eles os que soportan ou cargan co dispendio económico, do mesmo xeito que os veciños de cada “pueblo” organizan a festa do seu respectivo patrono. Aplicando a este caso a idea exposta por Pitt-Rivers de que cada festa é a expresión da identidade e da unidade comunitaria, podemos asegurar que as festas patronais en Navia reflexan unha maior identificación coa aldea que co conxunto parroquial (7). Si ben a igrexa parroquial podería representar un máximo de sacralidade, as distintas capelas dispersas polos “pueblos” son extensións pertinentes desa sacralidade e mesmo chegan a suplatala en casos como é o da festa patronal (8).

Dentro dos “pueblos” naviegos existe, evidentemente, unha xerarquización inter-comunitaria que ven marcada pola riqueza e grandor dos mesmos. O máis grande da parroquia de Rao, tanto no pasado como na actualidade, é o de Murias, que chegou a centrar con trinta casas que “facían lume”, permanecendo habitadas no presente dazaioito. Pois ben, é Murias o que conservou ininterrumpidamente a festa do seu patrono, San Donato, mesmo sen alterar a data de celebración, o día sete de agosto — cousa que sí aconteceu noutros casos —, malia a competencia dunha festa da capital municipal adicada ós emigrantes. A meirande parte dos “pueblos” da parroquia de Rao deixaron total ou parcialmente de celebrar festas propias de certa magnitude, pero aínda nos nosos días veciños de entidades como Robledo ou Meda tratan de organizar unha misa e de conmemorar a efemérides con algun xantar extraordinario. Mesmo algún “pueblo” que sempre tivo poucos veciños, como Faquís, nunca celebraron festa todol-os anos, sinon de vez en cando, especialmente cando a data do patrono caía en Domingo ou coincidía ca sega na aldea. A afirmación da identidade por medio da festa, atenúase, como é lóxico, a medida que o tamaño da unidade de convivencia é menor, do mesmo xeito que sucede cas posibilidades reais de autonomía que pode ter noutros aspectos. En calqueira caso cada “pueblo” trata de conseguir, con pouca ou moita intensidade, un santo que o avale diante dos demáis. A excepción, por suposto, existe, pero permite precisamente afirmala regra; Laxo (Rao) non tivo santo patrón nunca, o que se presta a que os habitantes de outros “pueblos” lle asignen un santo burlesco con connotacións despectivas: “Laxo non tiña festa... de broma se dice que ten de patrón a San Carallán”.

Asunto que convén lembrar é que, en xeral, e de xeito semellante ó que sucede en numerosas celebracións doutras terras, as festas patronais das aldeas de Navia son preferentemente estivais, situándose en datas que van de maio a setembro, período de máxima actividade agraria no que convén estreitar as relacións intra e inter-comunitarias (9). A seguir damos unha lista con exemplos de festas patronais vixentes polo menos ata os anos sesenta do presente século:

(7) J. PITT-RIVERS: “L’identité locale me à travers la fiesta”. *Culturas populares: diferencias, divergencias, conflictos*. Casa de Velázquez. Madrid, 1986, páx. 13.

(8) W. A. CHRISTIAN: *Religiosidad popular*. Ed. Tecnos. Madrid, 1978, páx. 103.

(9) H. M. VELASCO: *Tiempo de fiesta*. Ed. Tres-Catorce-Dieciséiete. Madrid, 1982, páx. 15.

“PUEBLO” (entre paréntese parroquia)	SANTO PATRONO
Becerral (Rao)	Santiago (25 de xullo)
Coro (Rao)	Sta. Mariña (18 xullo)
Murias (Rao)	San Donato (7 agosto)
Prebello (Rao)	San Pedro (29 xuño)
Robledo (Rao)	San Salvador (6 agosto)
Rao	Nosa Señora (15 agosto)
Larxentes (Muñís)	Sto. Tomás (25 agosto)
Muñís	San Pedro (29 xuño, trasladada recentemente para agosto)
Moia	Santiago (25 de xullo)
Quintá (Moia)	San Bartolomé (24 agosto)
Ventosa (Moia)	San Pedro (29 xuño)
Savane	San Xoan (24 xuño)
Vilarpandín	San Roque (16 agosto)
Virigo (Vilarpandín)	Nosa Señora (último sábado de agosto)



Capela de Coro (Rao).

O desexo de afirmarl-a identidade local recurrido á esfera do sagrado ven avalado por algunhas lendas que explican a presenza da imáxen ca que se identifica ó santo en certos lugares determinados. Así, se ven decindo que a imáxe de Santa Marina, patrona de Coro, baixaba dende a montaña situada ó sur do “pueblo” ata que lle construíron a actual capela, no comenzo do camiño de ascenso que conduce ás “alzadas” ou “brañas” donde os veciños teñen monte comunal e pastos de estío. A santa convírtese así non soio nunha defensora da aldea, senon que corrobora coa súa presenza inicial e posterior a norma consuetudinaria de que son orixinal e principalmente os habitantes de Coro os que poden acceder á utilización de extensións de terreo en terras altas, das que dependía boa parte da economía local. A vontade da santa non deixa de ser a redundancia dun desexo compartido pola comunidade, o mesmo que sucede noutros santuarios locais e supra-locais (10).

MANIFESTACION DAS TENSIONS INTERCOMUNITARIAS NAS FESTAS LOCAIS

Como xa ten indicado o profesor Lisón “os santos patronos dos pobos actúan como poderosos símbolos locais definindo quen é membro, e que nono é, da comunidade. Sabido e notorio é o feito de que moi frecuentemente a celebración desas festividades é ocasión propicia para solidarizarse e autoafirmarse internamente os veciños dun pobo pelexándose cos veciños do próximo. A relixiosidade popular ten unha marcada natureza ou carácter xeográfico” (11). En Navia as liortas entre aldeas da mesma ou diferente parroquia eran cousa normal ata os anos cincoenta do presente século, sobor de todo cando as entidades enfrentadas tiñan unha entidade e un prestixio inter-comunitario que reforzaba a tendencia xenérica. Como xa se insinuou en páxinas antecedentes, os dous “pueblos” máis relevantes en canto a tamaño da parroquia de Rao eran e son os que levan o nome da parroquia e o de Murias, situado a unhas 5 Km. do anterior cara ó leste. Varios veciños de Rao, e algún de Faquís, axuntados arredor do noso equipo de traballo en xullo de 1986, relatáronnos un violento enfrentamento entre-as dúas localidades en tempos inmediatamente anteriores á Guerra Civil, poñendo na suas descripcións unha énfase propia de quenes foron espectadores ou protagonistas do feito:

“Unha vez, eiquí en Rao, houbo unha gorda na festa do Corpus. A pelea fora entre os de Rao e os de Murias. Os de Rao rompéranlle un brazo a unha muller de Murias porque defendeu a un irmau. Peleáronse con brosas (=machados) e pedras... Polo día —a pelexa descrita tivera lugar no solpor— xa os chavalois de Rao peleáranse cos de Murias porque viñan desafiados... O problema fora porque dicían ¡Viva Murias! e porque se meteran cos de Rao nun baile de Murias...”

Os párrafos amosan ben ás claras como, contra o que sería de esperar de acordo cos datos de outras zonas de Galicia onde a parroquia ten unha

(10) X. R. MARIÑO FERRO: *“Las romerías/peregrinaciones y sus símbolos.* Ed. Xerais de Galicia. Vigo, 1987, páx. 69 e ss.

(11) C. LISÓN TOLOSANA: *Antropología Social: reflexiones incidentales.* Madrid, 1986, páx. 11

coherencia sociocultural moi acusada, o enfrentamento entre entidades da mesma parroquia non é algo extraño, aínda que sí conven indicar que a xerarquía inter-comunitaria manifestada polos nosos informantes e deducida da nosa observación de campo parece indicar que os principais protagonistas dos enfrentamentos son sempre “pueblos” de certa entidade, como os exemplificados por Rao e Murias, namentras que outros, con menos recursos humanos, económicos ou de prestixio simbólico, ven atenuadas as posibilidades de manifestar a súa autonomía neste nivel.

MATRIMONIO E MORTE

Ritos de paso como o matrimonio e a morte, íntimamente vencellados a unha relixiosidade marcada polo cristianismo, presentan tamén en Navia un feixe de referentes que nos remiten á comunidade que vimos chamando “pueblo”, agromando neles unha identidade local.

Un percorrido polos libros parroquiais de matrimonios do presente século permitiunos detectar unha certa tendencia a celebrar o ritual da voda en capelas dos “pueblos”, que comparten esta actividade ca ingresa parroquial. Repetimos eiquí os exemplos doutros traballos nosos con datos ilustrativos ó respecto (12):

PARROQUIA DE PIN

Período	Total matrimonios	Lugar cerimonia
1900-1909	20	Pin: 5 Pin de Arriba: 6 Vilagoncide: 6 Mazaira: 3
1910-1919	12	Pin: 3 Pin de Arriba: 3 Vilagoncide: 4 Mazaira: 3
1920-1929	20	Pin: 6 Vilagoncide: 2 Mazaira: 10
1930-1939	13	Pin: 10 Vilagoncide: 2 Mazaira: 1
1940-1949	13	Pin: 7 Vilagoncide: 2 Mazaira: 4

(12) X. M. GONZALEZ REBOREDO: “Notas antropológicas sobre la importancia del *pueblo* en la Galicia oriental”. *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Tomo XXXV. Santiago, 1984-85, páxs. 529 e ss. Unha ampla monografía, elaborada por un equipo de etnógrafos do Instituto de Estudios Galegos, e na que se aportan numerosos datos do tema aquí tratado, está estregada para a súa publicación na Exma. Diputación Provincial de Lugo baixo o título xenérico de *Estudios de Etnografía na alta montaña lucense*.

Non é obxectivo deste artigo adentrarse na rica simboloxía da voda en terras de Navia, á que lle adicamos espazo nunha máis ampla monografía. Tampouco ímos entrar nunha micoanálise da pervivencia de capelas en certas aldeas e a súa pronta desaparición noutras. Somentes resaltaremos que a *capela-fugar sagrado* resulta lugar elixido frecuentemente polos veciños do entorno próximo para contraer nupcias en convivencia, máis ou menos intensa, ca igrexa parroquial, o que supón un achegamento da cerimonia ó “pueblo” de procedencia, cando menos, dun dos contraíntes. O exemplo da parroquia de Pin non é, por outra banda, único; bodas en capelas de “pueblo” detéctanse tamén en Rao, onde, dun total de 77 matrimonios celebrados entre 1900 e 1910, cincoenta leváronse a cabo na parroquial, pero tamén os houbo nas aldeas de Aigas —7—, Murias —6—, Meda —4—, Prebello —4—, Robledo —3—, Coro —2— e Becerral —1—. Un ano cun total de oito matrimonios, o de 1925, só conta con dous na parroquial, tendo lugar os demais en Becerral —2—, Murias, Meda, Coro e Prebello.

Se a voda supón un cambio de “status” en persoas que seguen no mundo dos vivos, a morte é un paso definitivo que leva a quen a sofre ata o mundo dos mortos, paso que vai acompañado, como é lóxico, dunha serie de actitudes rituais de carácter oficial ou para-oficial (13). O morto nas aldeas navegas “poñíase no horro, cuberto de sábanas... hasta os tres días non se enterraba... Cada vecín (do ‘pueblo’) levaba ovos, manteca... para axudar á comida: ós que iban ó enterro dábaselles de comer... As molestias e gastos eran en alivio dos mortos...”. Mentras o defunto está no ámeto familiar da casa e no vecinal do “pueblo” celébrase o “velatorio”, ó que acuden preferentemente —antigüamente case exclusivamente— familiares e veciños, que tratan ca súa participación de suavizar as tensións derivadas do trance. Pero “ós tres días levábase o difunto a Rao” (capital parroquial). Agora, no traslado moitas veces dificultoso por caminos de montaña, cando se sae da esfera inmediata do “pueblo” á máis ampla da parroquia, sí que se poden multiplicar as xentes relacionadas ca familia do difunto por unha veciñanza máis alonxada, as que poden contribuir co seu esforzo a portar o cadaleito e cos seus donativos a sufragar responsos que alixeiren a situación do finado no máis alá, participando dos alimentos, que entre eles se podían repartir, do mesmo xeito que os reciben cando van invitados á festa patronal do “pueblo”.

Pero a saída do morto cara á parroquial para ser funerado e enterrado non está exenta dun ritual que, unha vez máis, marca a identidade do “pueblo” diante dos segmentos superiores. As cruces de pedra, os chamados *cruceiros*, tan numerosos na Galicia rural, son practicamente descoñecidos en Navia e, por elo, daría a impresión de que se carece aquí dun referente fundamental da relixiosidade tradicional galega. Mais no seu lugar, cumprindo función semellante, atopamos á arbre. A comarca é aínda hoxe rica en castiñeiros (*castanea sativa*), pervivindo ata hai poucos anos a práctica de deter a comitiva fúnebre nun determinado, espetando no seu tronco unha pequena cruz de madeira, a carón doutras correspondentes a anteriores defuntos da aldea. Con elo se marca simbólicamente a saída do defunto da súa

(13) Unha valoración importante do tema da morte en Galicia pode verse no traballo de M. GONDAR PORTASANY: *Romeiros do Alén*. Ed. Xerais de Galicia. Vigo, 1989.

comunidade camino do universo máis extenso da parroquia; salientase, en definitiva, o feito de que o morto pertence a unha determinada comunidade intraparroquial. O “pueblo” xa citado de Murias de Rao conserva no camiño que atravesa terras a él vencelladas en dirección a Rao unha arbre centenaria, o *castiñeiro das cruces*, no que tiña lugar o devandito ceremonial ata que, hai poucos anos, unha estrada marcou novas pautas de traslado.



Castiñeiro o pé do camino que conduce de Murias a Rao.

A función de marcar espazos xeográfico-rituais no intre da morte entre unha comunidade e o universo que a trascende non estaba reservada exclusivamente a unha arbre determinada en terras da alta montaña lucense. Hai anos existía entre a aldea de Piornedo e a de Donís (capital parroquial do municipio de Cervantes, lindante con Navia) un punto no que, según García Ramos “detéñese a marcha das fúnebres comitivas, intre que aproveita o párroco para cantar un responso e que un parente do morto emplea en espetar na terra unha cruz de cortas dimensións, feita de madeira. Alí hai outras cruces, tantas como habitantes de Piornedo morreron” (14).

Se a saída do universo do “pueblo” pode supoñer a integración noutro superior da parroquia, o certo é que no espacio máis especificamente parroquial os referentes de “pueblo” non desaparecen. Cada parroquia, como é normal, ten un cemiterio situado normalmente no adro da igrexa. Nél a presenza de símbolos relixiosos do cristianismo é constante. O antigo cemiterio de Rao atópase, fora do normal, a unhas 100 m. da igrexa parroquial, perto da estrada que une esta localidade ca capital municipal. Está formado, principalmente, por turnas sinxelas en terra nas que se ergue unha cruz máis ou menos complexa. Na peana da mesma figura a identidade do difunto, con datos como nome, apelidos e data de pasamento. Pero o máis significativo para o noso plantexamento actual é que tamén se fai constar en moitos casos o “pueblo” de veciñanza con expresións como:

(F. DE TAL) FALLECIO EN CORO EL DIA...

(F. DE TAL) FALLECIO EN ASAR-RAO...

Un breve recorrido polo novo cemiterio, na mesma parroquia de Rao, que veu a substituír ó anterior nos últimos anos, servíunos para comprobar que nos nichos de que está composto seguíase facendo constar no ático o nome da “casa” (familia) e tamén o do “pueblo” dos propietarios ca fórmula de “FAMILIA DE PITO MURIAS”, “FAMILIA DE MURIANO-ROBLEDO”, etc.

Estes exemplos indican ás claras, como mesmo no cemiterio parroquial, supra-local, se segue a conservar a identidade da localidade de orixe, algo que nin a morte parece borrar da mente dos labregos navegos.

REMATE

Os datos expostos nas páxinas que anteceden permítenos reafirmar o principio de que, en terras da montaña oriental galega, o “pueblo” ou aldea ten unha forte implantación como centro xerador de identidade. Pero a mesma non é froito dun mero capricho circunstancial, senon que responde a unha necesidade derivada do sistema socio-cultural. Do total superficial do municipio (243 Km²), 185,5 corresponden a monte, do que os labregos navegos obteñen unha boa parte dos recursos necesarios para manter o seu *status* socio-económico sempre e cando consigan un axeitado entendimento ca vecindade inmediata. A distancia entre “pueblos” e a necesidade de misturar unha

(14) A. GARCÍA RAMOS: *Arqueología jurídico-consuetudinaria-económica de la región gallega*. Madrid, 1912, pág. 25.

actividade agrícola con outra gandeira na explotación do monte obrigaba, ata os anos sesenta do presente século, a practicar unha agricultura de roza (as chamadas “searas”) que desenrolou un complexo sistema de repartos do inculto nos que o “pueblo” convertíase en referente fundamental para levar a cabo a distribución das terras en proporción ó que cada veciño representaba no conxunto (15). Tamén é importante propiciar un mecanismo de axudas equilibrado nas labouras nas que a familia resulta insuficiente. En suma, o labrego naviego necesitaba-necesita hoxe en casos-chegar a un equilibrio entre os seus desexos familiares e os imperativos derivados do medio natural e cultural mediante a colaboración con outros conxuntos familiares próximos. No seu amplo sistema cultural, do que nos somentes salientamos unha faciana, atopamos xustificación para o desenrolo de mecanismos rituais que serven de redundancia e afirmación dunha identificación local que se manifesta máis vizosa canto máis autónoma e independente pode ser a comunidade de “pueblo”, pero que sempre esta presente nos informes que puidemos recoller en demorado traballo de campo.

(15) X. M. GONZALEZ REBOREDO: “Propietat i sistema d’herencia. Taula rodonda”. *Encontres d’Antropologia i diversitat hispànica*. Ed. Generalitat de Catalunya. Barcelona, 1988, páxs. 71 e ss.